

Renderse á forza do amor

A miúdo a vida lévanos a situacións nas que aos poucos e sen quere-lo, encerrámonos en nós mesmos: unha discusión, as propias certezas, o noso ego ou os nosos medos.

Pero ás veces, basta deterse nunha pregunta sinxela feita de palabras simples, para albiscar posibilidades inesperadas de cambio: "Quen es ti para min?" ou noutras palabras "Quen son eu para ti?" Preguntas que, como di Margaret Karam, abren paso a xestos concretos: "dar o primeiro paso, escoitar, non escatimar tempo, deixarse tocar pola dor"¹. É obvio: se pensamos nos demais, non pensamos en nós, nin nas nosas debilidades, fracasos ou feridas. Pensar no outro nos leva a poñernos no seu lugar, nunha actitude de reciprocidade: "como me sentiría eu se o outro me dixese o mesmo que eu lle estou dicindo?" ou "que podo facer por el?"

Se as nosas accións nacen do desexo de priorizar o benestar de quen temos á beira, todo pode adquirir unha dimensión máis grande, ata o punto de que podemos dicir á outra persoa que a amamos libremente e sen esperar nada a cambio.

Pero ás veces, pódenos invadir o desalento, a frustración, o cansazo. O médico estadounidense Ira Robert Byock afirma que os momentos de maior desesperación nacen cando un séntese prisioneiro de "unha gaiola de rabia, medo e desconfianza"². Nestes momentos, rindámonos á forza do amor que todo o pode, que nos libera de ataduras e anímanos a recomenzar sen medo. Exprésao así o grupo musical Gen Rosso nunha das súas cancións: *"Empezar de novo é como dicir outra vez si á vida, para logo liberarse e voar cara a horizontes sen límites, onde o pensamento non ten medo. E ver a túa casa volverse tan grande como o mundo. Empezar de novo é crer no amor e sentir que mesmo na dor a alma pode cantar e non deterse xamais."*

Unha actitude deste tipo pode levar a un cambio persoal, pero tamén comunitario, cando compartimos, nun diálogo sincero e construtivo, as nosas desazóns. Nese clima de verdadeira amizade, poderemos reconstruír un tecido social que substitúa a rabia por reflexión, o medo pola procura de novos camiños, e a desconfianza por esperanza. Converterémonos en signo dunha nova forma de construír sociedade.

Ás veces, realmente, basta unha palabra sinxela:

"Ti para min es importante... Porque ti es ti!"

¹ M. Karam: "Proximidade" – 2024

² en: The Economist – The 2015 Quality of Death Index. Ranking palliative care across the world